

## RESOLUCIÓN DA SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN POLA QUE SE MODIFICA A RESOLUCIÓN DO 30 DE AGOSTO DE 2022

Vista a resolución da Secretaría Xeral da Emigración, do 30 de agosto de 2022, pola que se resolve a convocatoria das bolsas de excelencia para a mocidade do exterior (BEME), co fin de cursar estudos de máster que se inicien no curso 2022/23 nunha universidade galega, (DOG nº 170, do 7 de setembro), resultan os seguintes,

### FEITOS

**PRIMEIRO.-** As persoas que aparecen relacionadas a continuación, presentaron solicitude ao abeiro da resolución do 4 de febreiro de 2022, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se aprobaron as bases reguladoras e procedeuse á convocatoria de 250 bolsas excelencia mocidade exterior, co fin de cursar estudos de máster que se inicien no curso 2022/23 nunha universidade galega (DOG Nº 23 do 3 de febreiro).

Nº	Apelidos	Nome	DNI / Pasaporte	País de procedencia
1	Bertola López	Paula Virginia	*****0497	Arxentina
2	Estrada Krausse	Bárbara Lucía	*****5296	Arxentina
3	García Mosteiro	Ricardo	*****4542	Reino Unido
4	González Sikora	Santiago Manuel	***1667**	Arxentina
5	Herrera Bravo Castro	María Sol	*****9671	Arxentina
6	Márquez Vázquez	María Macarena	*****1274	Arxentina
7	Mosquera Bonasorte	Franco	***9950**	Arxentina
8	Pardo Gallinari	María Julieta	*****6799	Arxentina
9	Siles Grille	Daniel	***3513**	Brasil
10	Vaquero Terrani	Mariana	*****5901	Arxentina
11	Vianna Collazo	Héctor	*****3542	Uruguai

**SEGUNDO.-** Con data 30 de agosto de 2022, dictouse resolución pola que se resolveu a convocatoria das bolsas de excelencia para a mocidade do exterior, co fin de cursar estudos de máster que se inicien no curso 2022/23 nunha universidade galega, (DOG nº 170 do 7 de setembro) e na que se indicaba o máster que realizarían nas universidades correspondentes.

Entre as persoas beneficiarias, constan esas 11 persoas que a continuación se relacionan, que obtiveron a bolsa para realizar os seguintes másteres nas universidades correspondentes:



Nº	Apelidos	Nome	DNI / Pasaporte	País de procedencia	Máster	Universidade	Importe total
1	Bertola López	Paula Virginia	*****0497	Arxentina	Nanociencia e Nanotecnoloxía	UVIGO	7.650,00 €
2	Estrada Krausse	Bárbara Lucía	*****5296	Arxentina	Planificación e Xestión de Destinos e Produtos Turísticos	UDC	11.475,00 €
3	García Mosteiro	Ricardo	*****4542	Reino Unido	Investigación Biomédica	USC	7.000,00 €
4	González Sikora	Santiago Manuel	***1667**	Arxentina	Prevenção de Riscos Laborais	UVIGO	7.650,00 €
5	Herrera Bravo Castro	María Sol	*****9671	Arxentina	Dereito Transnacional da Empresa e das Tecnoloxías Dixitais	USC	11.475,00 €
6	Márquez Vázquez	María Macarena	*****1274	Arxentina	Xestión do Desenvolvemento Sostible	UVIGO	7.650,00 €
7	Mosquera Bonasorte	Franco	***9950**	Arxentina	Industria 4.0	UVIGO	7.650,00 €
8	Pardo Gallinari	María Julieta	*****6799	Arxentina	Dirección de PEMES - Pequenas e Medianas Empresas	UVIGO	7.650,00 €
9	Siles Grille	Daniel	***3513**	Brasil	Economía	UVIGO	7.650,00 €
10	Vaquero Terrani	Mariana	*****5901	Arxentina	Dirección de Empresas	USC	7.650,00 €
11	Vianna Collazo	Héctor	*****3542	Uruguai	Dirección de Proxectos	USC	7.650,00 €



**TERCEIRO.-** As persoas antes relacionadas presentaron escrito solicitando cambiar o máster para o cal se lle concedeu a bolsa, así como o xustificante de matrícula do novo máster que está entre os ofertados na convocatoria do ano 2022.

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**PRIMEIRO.-** A competencia para coñecer e resolver o presente expediente correspóndelle ao Secretario Xeral da Emigración, de conformidade co establecido na disposición adicional segunda do Decreto 108/2022, do 16 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, en relación co disposto no artigo 16 da Resolución do 4 de xaneiro de 2022, da Secretaría Xeral da Emigración.

**SEGUNDO.-** O parágrafo 2 do artigo 19 da Resolución da convocatoria establece que:

“2. As persoas beneficiarias dunha bolsa, poderán solicitar unha modificación da resolución de concesión e cambiar o máster para o cal se lles concedeu a bolsa.

O órgano concedente só poderá acordar esta modificación, cando as persoas bolseiras acreditasen estar matriculadas noutro máster dos ofertados nesta convocatoria e condicionada a que exista crédito orzamentario suficiente.”

**TERCEIRO.-** Tendo en conta que as persoas antes relacionadas resultaron beneficiarias dunha bolsa para a realización dun máster no curso 2022/23 e dado que solicitaron o cambio de máster para o que se lles concedeu a bolsa por outro dos ofertados nesta convocatoria e que achegaron o correspondente xustificante de matrícula e existindo crédito orzamentario suficiente, procede modificar os másteres para os que se lles concedeu a bolsa en virtude do establecido no artigo 19.2 da convocatoria.

Esta secretaría xeral, de acordo con todo o disposto anteriormente, tendo en conta que na tramitación do expediente se observaron as normas que para o efecto se establecen na Resolución da Secretaría Xeral da Emigración que regula as bolsas excelencia mocidade exterior e na Lei do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e demais normativa de xeral aplicación,

### RESOLVE

**Modificar** a resolución da secretaría xeral da emigración, do 30 de agosto de 2022, ditada no procedemento que regula as bolsas excelencia mocidade exterior, e en base a fundamentación xurídica anterior, acordar conceder unha bolsa para a realización dos seguintes másteres e polos seguinte importes:



Nº	Apellidos	Nome	DNI / Pasaporte	País de procedencia	Máster	Univ	Importe total (€)
1	Bertola López	Paula Virginia	*****0497	Arxentina	Nanociencia e Nanotecnoloxía	USC	7.650
2	Estrada Krausse	Bárbara Lucía	*****5296	Arxentina	Comercio Internacional	UVIGO	7.650
3	García Mosteiro	Ricardo	*****4542	Reino Unido	Xerontoloxía	USC	7.000
4	González Sikora	Santiago Manuel	***1667**	Arxentina	Enxeñaría Ambiental	USC	11.475
5	Herrera Bravo Castro	María Sol	*****9671	Arxentina	Dereito Dixital e da Intelixencia Artificial	UDC	7.650
6	Márquez Vázquez	María Macarena	*****1274	Arxentina	Comunicación en Medios Sociais e Creación de Contidos Dixitais	UVIGO	7.650
7	Mosquera Bonasorte	Franco	***9950**	Arxentina	Informática Industrial e Robótica	UDC	7.650
8	Pardo Gallinari	María Julieta	*****6799	Arxentina	Dirección Integrada de Proxectos -dúas especialidades: Sistemas de Información / Ocio e Deporte	UVIGO	7.650
9	Siles Grille	Daniel	***3513**	Brasil	Comunicación en Medios Sociais e Creación de Contidos Dixitais	UVIGO	7.650
10	Vaquero Terrani	Mariana	*****5901	Arxentina	Dirección e Administración de Empresas	UDC	7.650
11	Vianna Collazo	Héctor	*****3542	Uruguai	Comunicación en Medios Sociais e Creación de Contidos Dixitais	UVIGO	7.650

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor potestativamente recurso de reposición ante o secretario xeral da Emigración no prazo dun



mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Así mesmo, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,  
O secretario xeral da Emigración  
Antonio Rodríguez Miranda

